

ANÁLISE E ALEGACIÓNS DA **CUT ENSINO** DIRIXIDAS AOS SINDICATOS DA MESA E Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NO REFERENTE AOS PROCESOS DE CONSOLIDACIÓN

PROPOSTA DE CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Na proposta presentada onte 22/03 na Mesa Sectorial de Ensino inclúense unha serie de **criterios que non cumpren os principios de transparencia desexados, nin recollen a opción máis ampla para cumprir co espírito da norma e ao tempo dar saída á situación de abuso de temporalidade e/ou fraude na contratación do profesorado galego, tal e como vimos denunciando nos últimos 5 anos.**

A norma comeza dando por ofertadas todas as prazas dos **procesos de estabilización 2017-2021** coa convocatoria a celebrar o 18 de xuño do presente ano. Procesos todos eles

impugnados e pelexados dende este sindicato por negar a súa esencia e non estabilizar a ninguén, senón seren procesos libres que **só conseguiron reducir a fraude para uns poucos e agravaron o problema da precarización do persoal co despedimento de centos de docentes** con longa experiencia laboral inmersos en procesos xudiciais.

Por todo isto, levamos mobilizándonos na Galiza, no Parlamento mediante unha ILP e nos xulgados, sen apoio dos sindicatos con representación no ensino galego. As nosas protestas a nivel estatal leváronnos ás rúas de Madrid xunto a sindicatos de clase que veñen loitando ao noso carón contra a lacra da precariedade e a exixir aos grupos parlamentarios no Congreso unha lei de consolidación.

A nosa loita derivou na **lei 20/2021 que consideramos claramente INSUFICIENTE** e que deixará a moitas compañeiras fóra de forma inxusta, máis sendo que o estado e forzas sindicais-empresa que o acompañan non nos deron máis que este aguinaldo de Nadal, **imos loitar cada punto e coma por pequeno que sexa, nas rúas, nos xulgados e onde fixer falla.**

ANÁLISE DA CUT ENSINO SOBRE A PROPOSTA PRESENTADA POLA CONSELLERÍA PARA A APLICACIÓN DA OBRIGADA CONSOLIDACIÓN

1. SOBRE AS PRAZAS A OFERTARSE NOS PROCESOS SELECTIVOS DE CONSOLIDACIÓN

A. CONCURSO DE MÉRITOS.

Disposición Adicional Sexta

1. Praza ocupada a 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.
2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2016, aínda que non ten que ser a mesma persoa interina.
3. Que a praza sexa estrutural.
4. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

(Proposta Xunta)

1. Dende a CUT Ensino non atopamos xustificación para enmarcar a data para facer a foto fixa para a determinación das prazas a 30/09/2021, sendo o criterio do Director Xeral de Función Pública o 31/12/2021 no resto de ámbitos da Xunta de Galicia.

2. A norma di prazas que *estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016*. Polo tanto **NON DI** que estean ocupadas por persoal temporal, senón de forma temporal (provisional sen reserva). Entendemos que **calquera adxudicación provisional sobre a mesma (sendo persoal interino ou non) debe ser considerada como non interrupción temporal da ocupación da praza**. A norma, como non se cansan de repetirnos é sobre prazas e non sobre a vinculación contractual das persoas na mesma nesta DA 6.

ESTE PUNTO É FUNDAMENTAL PARA FACER EMERXER AS PRAZAS REALMENTE TEMPORAIS E ESTRUTURAIS, INDEPENDIENTEMENTE DA SÚA OCUPACIÓN ANUAL.

Disposición Adicional Oitava

CONDICIÓNS

1. Prazas ocupadas actualmente por persoal interino a xornada completa.
2. Que a persoa interina que a desempeña veña prestando servizos en calquera praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016.
3. Que a praza sexa estrutural.
4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.
5. Enténdese que a persoa interina desempeña unha praza ininterrompidamente con anterioridade ao 01.01.2016 aínda que sexa en distintas especialidades do mesmo corpo e incluso en corpos distintos.
6. As prazas non teñen que ser temporais desde o 01.01.2016.

(Proposta Xunta)

1. Exiximos claridade sobre que significa o termo *actualmente* do punto 1.
2. É necesario que **se teñan en conta como tempo de servizo ininterrompido efectivo** e así conste nos criterios os casos de: **servizos especiais, excedencias familiares, violencia de xénero e terrorista, reducións e licencias xustificadas e situacións análogas.**

B. CONCURSO-OPOSICIÓN DE CONSOLIDACIÓN.

CONDICIÓNS

1. Praza ocupada a 30.09.2021 por persoal interino a xornada completa.
2. Que a praza estivese ocupada ininterrompidamente por persoal interino con anterioridade ao 01.01.2018, aínda que non ten que ser a mesma persoa interina.
3. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional sexta.
4. Que a praza non estea incorporada ao concurso de méritos pola disposición adicional oitava.
5. Que a praza sexa estrutural.
6. A praza ten que ser estrutural todos os anos.

(Proposta Xunta)

1. Novamente non atopamos xustificación para enmarcar a data para facer a foto fixa para a determinación das prazas a 30/09/2021, sendo o criterio do Director Xeral de Función Pública o 31/12/2021 no resto de ámbitos da Xunta de Galicia (xustificado pola data de publicación da lei).
2. A Lei indica que *a praza estivese ocupada de forma temporal e ininterrompida polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020*. Este punto establece que **a praza sexa temporal, é dicir provisional sen reserva**, e non se determina que esa temporalidade sexa cuberta por un interino (puidendo ser cuberta por unha comisión de persoal definitivo e sen deixar de ser unha praza temporal).

2. SOBRE ACONSIDERACIÓN DE PRAZAS NON ESTRUCTURAIAS

- Dende a CUT Ensino consideramos que as prazas estruturais inferiores a 1 ano deben establecerse ata o **30 de xuño**, data de finalización do vínculo laboral de gran parte do profesorado temporal a día de hoxe.
- Exiximos a **consideración de prazas estruturais ás prazas da especialidade do Orientación Primaria**, especialidade creada e recoñecida na Xunta de Galicia e instamos novamente a sindicatos e consellería a buscar unha solución para o mantemento e consolidación do persoal afectado no seu dereito á consolidación no seu posto **de traballo**.
- **O persoal** especialista terá dereito á súa consolidación segundo as normas aplicables á lexislación laboral.

3. SOBRE A NON OFERTA DE PRAZAS CONCRETAS

Dende a CUT Ensino consideramos **INACEPTABLE** que a consellería pretenda sacar un número de prazas sen identificar, xa que toda praza orzamentada ten un nome, para que todo o persoal afectado poida ter coñecemento do proceso e facer alegacións ao mesmo.

Exiximos novamente a esta consellería desenvolver de forma exhaustiva e detallada unha listaxe das prazas a ofertar nestes tres grupos de afectación, indicando especialidade e centro na que se atopan e ano de creación da mesma:

- Concurso de méritos: Disposición Adicional 6.
- Concurso de méritos: Disposición Adicional 8.
- Concurso-oposición.

A información relativa á ofertas debe estar dispoñible á cidadanía no Portal de Transparencia para poder facer as alegacións pertinentes ás mesmas, sendo procesos de acceso libre.

4. PROFESORADO TÉCNICO DE FP

Exiximos o garante da estabilización de todas as prazas do profesorado técnico, habilitando a vía precisa para que aqueles con titulacións non concordantes poidan permanecer nos seus postos de traballo.

Non aceptaremos a exclusión dos procesos de consolidación deste persoal e instamos á consellería a que convoque os procesos tamén para eles e garanta un sistema de traspaso aos corpos de PES ou especialistas correspondentes cando a lei o determine, do mesmo modo que o persoal definitivo.

5. NON OBRIGATORIEDADE DE PRESENTARSE AOS PROCESOS DE CONSOLIDACIÓN

Dende a CUT Ensino solicitamos que se retire os apartados referentes a esta “non obrigatoriedade” ou se advirta no mesmo a **perda do dereito á irrisoria indemnización en caso de non superación** dos mesmos que establece a Lei 20/2021 de producirse o cese tras os memos.

Esta redacción semella unha vía de aforro de indemnizacións e recorte de dereitos para as traballadoras en precario.

6. REQUISITO LINGUA GALEGA.

Exiximos que o **Celga 4 sexa requisito indispensable** para o acceso a calquera posto da administracións ou entidades públicas da Galiza. Con tal motivo debe ser requerido tanto no concurso de méritos coma no concurso-oposición de consolidación.

cuit. 

Ensino

Central Unitaria
de Trabajadoras